



PROCESOS DE SELECCIÓN DE POSTOS DE TRABAJO NO CONCELLO DE VEDRA

1.- PROGRAMAS DE CONTRATACIÓN SUBVENCIONADOS POLAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNES:

As persoas interesadas en participar en calquera proceso de selección municipal que estea financiado con fondos autonómicos, estatais ou europeos deben estar previamente inscritos na oficina de emprego correspondente. Ás persoas empadroadas no concello de Vedra correspóndelles a oficina de emprego de Santiago Norte.

Estes programas esixen que dende o concello se remita unha oferta de emprego pechada á oficina de emprego co posto a cubrir e os requisitos requiridos aos candidatos e posteriormente esta oficina remite ao concello un listado de candidatos preseleccionados tendo en conta a antigüidade como demandante de emprego, o cumprimento ou non dos requisitos requiridos, pertenza a colectivos especiais (menores de 30 anos, mulleres, vítimas de violencia de xénero, parados de longa duración, maiores de 45 anos, etc.) e as ocupacións ou postos seleccionados polo desempregado inscrito. Para cada proceso selectivo publícanse unhas bases de convocatoria nas que se recollen os aspectos que rexerán ese proceso, os criterios de valoración e baremos, as probas a efectuar e o temario dos exames, na páxina web municipal (<http://concellodevedra.com>) e no taboleiro de anuncios do concello situado na casa consistorial, coa antelación que cada proceso permite.

Unha vez recibida a lista provisional de candidatos preseleccionados procédese á súa publicación, xunto coa comunicación de data, hora e lugar de celebración do proceso.

Dentro dos programas de contratación subvencionados polas distintas administracións, os postos que dende este concello se requiren con máis asiduidade son os de oficial de segunda albanel, peóns de obras públicas ou peón especialista de albanel, xardineiros, conserxes en xeral ou técnicos de protección civil, limpadores en xeral e axudantes de recollida de lixo.

Para poder participar como alumno dun obradoiro de emprego, a persoa desempregada debe estar inscrita e solicitar que o inclúan como alumno en obradoiros de emprego ou talleres de emprego- clave 340 (que se debe renovar a partir do 1 de xaneiro de cada ano, posto que o programa informático fai un varrido de claves formativas a finais de cada exercicio). As persoas interesadas en participar como persoal docente, directivo e de apoio do obradoiro poderán inscribirse como demandantes ou mellora de emprego, indicando a titulación máis alta da que dispoñan e solicitando o posto ao que optan dentro do obradoiro (sempre e cando se poida acreditar a experiencia mínima no posto que esixan as bases de convocatoria do proceso selectivo). Unha vez lanzadas as ofertas e facilitados pola oficina de emprego os listados de candidatos preseleccionados procédese á fase de selección que valorará o persoal da Consellería ou Xefatura Territorial de Traballo, da oficina de emprego e persoal municipal.

2.- CONTRATACIONES DIRECTAS DO CONCELLO:

A pesar de que na Lei de Presupostos do Estado, non se permite por regra xeral a contratación directa por parte das administracións con fondos propios, naqueles casos excepcionais nos que está permitido como é nos supostos de cobertura de baixas ou vacacións de servizos de carácter urxente e imprescindible, o concello convoca os



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



procesos de selección para cobertura de prazas abertos, para o que se publican as bases de convocatoria na páxina web municipal (<http://concellodevedra.com>) e no taboleiro de anuncios do Concello situado na casa consistorial. Así mesmo publícase anuncio da convocatoria do proceso de selección a través de bandos nos taboleiros parroquiais. Ábrese un prazo de presentación de solicitudes no rexistro do concello, requirindo a documentación a presentar para a valoración de méritos (tendo en conta criterios coma nivel formativo, cursos relacionados co posto a desenvolver, experiencia en posto igual ou similar ao que se vai contratar), que se establece nas bases de selección e procédese á realización do proceso selectivo unha vez declaradas definitivas as listas de admitidos e excluídos e publicadas no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do concello e fixada data, hora e lugar de celebración da selección.

3.- DEPARTAMENTO DE EMPREGO DO CONCELLO DE VEDRA:

Dende o ano 1998 existe nas dependencias municipais do Concello de Vedra, unha oficina de emprego, formación, desenvolvemento e promoción económica, na que os veciños e habitantes do concello poden realizar consultas, solicitar asesoramento, pedir información de ámbito laboral, prestacións e subsidios por desemprego, ámbito formativo e de desenvolvemento local, presentar ou elaborar os seus currículos, ou calquera acción de ámbito laboral e formativo relacionado coa promoción económica e o emprego.

Para dispor dunha relación de demandantes de emprego precisamos da vosa colaboración, polo que pregamos a toda persoa en situación de desemprego que se comunique con este departamento.

O horario de atención ao público é de luns a venres de 8.30 a 14.00 horas en horario de inverno e de 9.00 a 13.00 horas en horario de verán. Para solicitar cita previa poderá vostede chamar aos teléfonos 981.814.612 ou 669.450.801 (Cruz).